

GUÍA DIDÁCTICA

PARA O PROFESORADO



OBRADOIRO
MUSICAL

XUSTIFICACIÓN DO PROXECTO

De seguro que en máis dunha ocasión preguntáchesvos “¿onde se fai a música?”, ou ben “¿como nace unha canción?”. O certo é que son cuestións moi comúns que todos e todas nos plantexamos nun determinado momento, sobre todo se desfrutamos desta disciplina artística e somos melómanos confesos.

Este proxecto está deseñado para dar resposta a todas estas incógnitas, ao tempo que faremos unha viaxe guiada pola industria musical a prol de discriminar as principais profesións que integran o sector, e coñecer a labor de cada unha das persoas que interveñen neste proceso dende principio a fin.


Empregaremos unha orientación metodolóxica activa, de xeito que será o propio alumnado o que progresivamente e a través das diferentes obxectos dixitais educativos (en adiante ODE) que compoñen o proxecto, teña que desenvolver o rol de cada un destes axentes do mercado musical ao tempo que vai dándolle forma a súa propia creación. Trátase pois dunha perspectiva globalizada que abarca a totalidade dos bloques de contido, na que traballaremos ámbitos como a composición musical e a instrumentación, o arranxo e edición de partituras empregando a linguaxe musical, a creación da letra, a gravación e a mestura, e por suposto a práctica musical. Todo iso apostando pola inclusión das novas tecnoloxías aplicadas á música, procurando un desenvolvemento competencial integral do alumnado pero establecendo a competencia dixital como fío conductor do proceso.

O nivel de ensinanzas o que vai dirixido é **quinto curso de educación primaria** (5º EP), xa que o tratarse dun dos últimos cursos desta etapa educativa contan cunha bagaxe cultural e uns coñecementos previos importantes, que permitirán unha asimilación significativa dos contidos e unha interiorización efectiva dos mesmos.

O proxecto comporase de **sete secuencias didácticas**, que albergarán diferentes propostas didácticas e metodolóxicas, ampliadas en detalle coa elaboración dos materiais guía que se traballarán en cada unha.

De maneira recorrente, a distintas secuencias albergarán unha estrutura común, a prol de facilitar o desprazamento progresivo polas lapelas da plataforma (eXceLearning) por parte do alumnado. Contan cunha sección inicial que actúa a modo de introdución e/ou contextualización dos contidos da unidade coñecida como “INTRO”, e poden presentar tamén unha sección final de ampliación denominada “¿SABÍAS QUE?”.

QUENTANDO MOTORES



UD1

INTRODUCCIÓN

Nesta secuencia didáctica en concreto realizarase unha aproximación inicial que nos permita coñecer o proceso secuencial de creación dunha peza musical dende o inicio ata o final, mantendo unha perspectiva global e identificando as partes que interveñen e as súas funcións dentro do conxunto. Tamén faremos un breve achegamento ós personaxes máis recoñecidos do sector ao tempo que avanzamos por unha análise do panorama musical actual.

Na súa estruturación interna, esta unidade conta cunha sección inicial que actúa a modo de introdución e/ou contextualización dos contidos coñecida como "INTRO", e presenta tamén unha sección final de ampliación denominada "¿SABÍAS QUE?".

OBXECTIVOS

A través desta unidade, o alumnado traballará os seguintes **obxectivos de área**:

OBX1. Descubrir propostas artísticas musicais e dancísticas de diferentes xéneros, estilos, épocas e culturas, a través da recepción activa, para desenvolver a curiosidade, a sensibilidade, o pensamento crítico e o respecto pola diversidade.

OBX3. Investigar sobre diferentes manifestacións culturais e artísticas musicais e dancísticas e os seus contextos, empregando diversas canles, medios e técnicas, para gozar delas, entender o seu valor, así como desenvolver o pensamento e unha sensibilidade artística propia.

OBX4. Expresar e comunicar de maneira creativa ideas, sentimentos e emocións, experimentando coas posibilidades do son, do corpo e dos medios dixitais, para producir obras propias.

OBX5. Participar do deseño, elaboración e difusión de producións culturais e artísticas musicais e dancísticas, tanto individuais coma colaborativas, poñendo en valor o proceso e asumindo diferentes roles na consecución dun resultado final, para desenvolver a creatividade, a noción de autoría e o sentido de pertenza.

No referente a **obxectivos didácticos** podemos detallar os seguintes:

- Recoñecer as distintas profesións que compoñen o ámbito da industria musical e a súa labor concreta dentro do proceso produtivo.

- Realizar unha aproximación significativa sobre os personaxes máis recoñecidos do sector en diferentes épocas e estilos.
- Analizar empregando unha visión crítica e construtiva o panorama musical actual e o seu funcionamento

CONTIDOS

En relación ó establecido no currículo de referencia os contidos traballados son os seguintes:

Bloque 1. Educación musical: percepción e análise.

Estratexias de recepción activa. // Profesións vinculadas á creación e interpretación musical. Coñecemento e valoración. // Propostas musicais de diferentes correntes estéticas, procedencias e épocas producidas por creadoras e creadores locais, rexionais, nacionais e internacionais. // Vocabulario específico de música. // Recursos dixitais de uso común para música.

Bloque 2. Educación musical: creación e interpretación.

Aproximación ao uso responsable de bancos de imaxes e sons: respecto ás licenzas de uso e distribución de contidos xerados por outros. Plaxio e dereitos de autor. // Fases do proceso creativo: planificación, interpretación, experimentación e avaliación. // Avaliación, interese e valoración, tanto do proceso coma do produto final, en producións musicais.

Bloque 3. Educación en artes escénicas e performativas: percepción e análise.

Vocabulario específico das artes escénicas e performativas. // Recursos dixitais de uso común para as artes escénicas e performativas. // Estratexias de recepción activa.

Bloque 4. Educación en artes escénicas e performativas: creación e interpretación.

Aproximación ao uso responsable de bancos de imaxes e sons: respecto ás licenzas de uso e distribución de contidos xerados por outros. Plaxio e dereitos de autor. // Fases do proceso creativo: planificación, interpretación, experimentación e avaliación. // Avaliación, interese e valoración, tanto do proceso coma do produto final, en producións escénicas e performativas

METODOLOXÍA

A metodoloxía a empregar nesta unidade fomenta a adquisición de coñecemento mediante o descubrimento guiado. O modelo de aprendizaxe plantexa unha visión constructivista da intervención pedagóxica para acadar un aprendizaxe significativo no alumnado.

O método didáctico responde a unha metodoloxía específica por ámbitos, de maneira que se seleccionan contribucións de autor diversas en función das necesidades educativas que plantexa cada actividade.

ORIENTACIÓNS METODOLÓXICAS

A figura docente está disposta neste proxecto como axente facilitador da aprendizaxe, de maneira que sexa o propio alumnado o protagonista do seu procedemento de ensino-aprendizaxe dende unha visión activa. O docente exercerá de mediador, con especial relevancia nos puntos de inicio (explicación das tarefas) e nas situacións de debate ou actividades grupais, tentando sempre limitar as súas intervencións na medida do posíbel.

O tempo de realización das propostas didácticas establecido, así como a distribución do espazo e a formación de grupos de traballo é orientativa, sendo susceptible de ser modificada a criterio docente en función das necesidades da súa realidade educativa.

Os métodos didácticos anteriormente citados poden ser tamén adaptados na práctica se así se considera, na procura de adecuar as actividades ao noso contexto próximo (dotación instrumental de aula, recursos materiais, distribución des espazos...)

COMPETENCIAS CLAVE

Competencia en comunicación lingüística (CCL): estará presente en tódolos intercambios orais que se desenvolvan na aula nos seus diferentes rexistros (espazos para o debate, exposicións) no coñecemento e uso dunha linguaxe técnica precisa adecuada a esta disciplina artística e no uso de linguaxe musical.

Competencia persoal, social e de aprender a aprender (CPSAA): mediante a inmersión do alumnado nun método de aprendizaxe activo, que implica a interiorización de conceptos tratados na aula desde unha perspectiva máis ampla, que permite a súa implementación en diferentes contextos. De igual xeito derivada dun comportamento axeitado nas distintas situacións de ensino-aprendizaxe durante o desempeño das tarefas. Unha actitude prosocial e participación activa, así como o coñecemento das regras de convivencia, o respecto aos seus iguais, a tolerancia ás diferentes opinións e a distribución do traballo.

Competencia plurilingüe (CP): Amósase na audición activa de obras musicais en lingua estranxeira, xunto coa aproximación a vocabulario específico propio do ámbito da produción musical que tamén emprega terminoloxía en inglés.

Competencia cidadá (CC): presente no tratamento de información relacionada coas profesións que integran o panorama musical actual, a labor que desempeñan e o seu recoñecemento. Tamén o coñecemento de diferentes culturas e tradicións, épocas e xéneros musicais contribúen na adquisición desta competencia.

Competencia dixital (CD): adquirida no emprego de aplicacións e plataformas específicas na rede para o desenvolvemento das actividades.

Competencia emprendedora (CE): en liña co eixe do proxecto, a posibilidade por parte do alumnado de adquirir o desempeño competencial suficiente para completar o proceso de produción musical de maneira autónoma, representa un recurso moi relevante para xestionar as súas inxerencias e iniciativas nun futuro próximo. O coñecemento da industria musical e as profesións relacionadas, supón unha posibilidade de emprendemento tanto a nivel individual como colectivo, xa sexa como integrante dunha agrupación musical ou ben dende a perspectiva lúdica da produción sonora.

Competencia en conciencia e expresión culturais (CCEC): mediante a selección dun repertorio amplo e variado, podemos facer un enfoque sociocultural a través dos diferentes períodos que conforman a historia da música e tratar as distintas manifestacións artísticas en función da súa situación xeográfica, xéneros e artistas máis representativos.

AVALIACIÓN

O procedemento de avaliación desta unidade didáctica está baseado na aprendizaxe por descubrimento guiado, de maneira que é o discente o que realiza a súa autoavaliación interactiva e recibe en tempo real a retroacción correspondente a través da propia plataforma. Neste senso, empregaranse instrumentos de avaliación de índole variada para enriquecer e potenciar a capacidade de resolución de problemas e o pensamento lóxico. Os instrumentos a empregar detállanse a continuación:

- Actividades de selección múltiple (varias das opcións propostas como resposta poden ser correctas)
- Actividade de encher os espazos (completar os ocos nunha oración coa palabra axeitada)
- Lista desordenada (enumerar os elementos nunha listaxe)
- Actividade de resposta única (soamente unha opción é correcta a escoller entre varias)
- Preguntas de verdadeiro ou falso

Así mesmo, algunhas das propostas didácticas que se presentan como tarefas, debido ao carácter práctico desta disciplina artística, son deseñadas para executarse na aula e polo tanto cómpre aplicar un sistema de avaliación que reforce a observación directa por parte docente.

Generalizando



UD2

INTRODUCCIÓN

Nesta secuencia didáctica en concreto, realizaremos un percorrido inicial polos xéneros musicais máis representativos da música actual (rock-and-roll, música pop, hip-hop e música electrónica) co obxectivo de determinar o estilo musical que empregará o alumnado para elaborar a súa propia composición nas seguintes unidades.

Na súa estruturación interna, esta unidade conta cunha sección inicial que actúa a modo de introdución e/ou contextualización dos contidos coñecida como "INTRO", e presenta tamén diversas seccións de ampliación baixo a epígrafe de "DATO CURIOSO".

OBXECTIVOS

A través desta unidade, o alumnado traballará os seguintes **obxectivos de área**:

OBX1. Descubrir propostas artísticas musicais e dancísticas de diferentes xéneros, estilos, épocas e culturas, a través da recepción activa, para desenvolver a curiosidade, a sensibilidade, o pensamento crítico e o respecto pola diversidade.

OBX2. Recoñecer os elementos básicos específicos da linguaxe musical, a través da percepción e da análise de diferentes fragmentos e obras, para chegar á comprensión das diferentes manifestacións culturais e artísticas

OBX3. Investigar sobre diferentes manifestacións culturais e artísticas musicais e dancísticas e os seus contextos, empregando diversas canles, medios e técnicas, para gozar delas, entender o seu valor, así como desenvolver o pensamento e unha sensibilidade artística propia.

OBX4. Expresar e comunicar de maneira creativa ideas, sentimentos e emocións, experimentando coas posibilidades do son, do corpo e dos medios dixitais, para producir obras propias.

OBX5. Participar do deseño, elaboración e difusión de producións culturais e artísticas musicais e dancísticas, tanto individuais coma colaborativas, poñendo en valor o proceso e asumindo diferentes roles na consecución dun resultado final, para desenvolver a creatividade, a noción de autoría e o sentido de pertenza.

No referente a **obxectivos didácticos** podemos detallar os seguintes:

- Recoñecer as características identificativas de cada xénero musical.
- Identificar a organoloxía específica relacionada con cada estilo.

- Realizar exercicios auditivos de discriminación sonora.
- Coñecer os feitos históricos e científicos que condicionaron o nacemento e desenvolvemento de cada un dos xéneros musicais propostos.
- Comprender a relación entre a música e a sociedade nos diferentes estilos e épocas.

CONTIDOS

En relación ó establecido no currículo de referencia os **contidos** traballados son os seguintes:

Bloque 1. Educación musical: percepción e análise.

Estratexias de recepción activa. // Profesións vinculadas á creación e interpretación musical. Coñecemento e valoración. // O son e as súas calidades: identificación visual e auditiva, clasificación e representación de diversidade de sons e estruturas rítmicas e melódicas a través de grafías convencionais e non convencionais. // Propostas musicais de diferentes correntes estéticas, procedencias e épocas producidas por creadoras e creadores locais, rexionais, nacionais e internacionais. // Aproximación aos principais xéneros musicais. // Estratexias básicas de análises de propostas musicais desde unha perspectiva de xénero. // Vocabulario específico de música. // Recursos dixitais de uso común para música.

Bloque 2. Educación musical: creación e interpretación.

Práctica instrumental, vocal e corporal: experimentación, exploración creativa, interpretación, improvisación e composición con pautas guiadas a partir das súas posibilidades sonoras e expresivas. Respiración consciente e hixiene e corrección postural. // Linguaxes musicais: aplicación dos seus conceptos fundamentais na interpretación e na improvisación guiada de propostas musicais vocais e instrumentais. O silencio como elemento fundamental da música: utilización adecuada na interpretación musical. // Aplicacións informáticas de gravación, edición de audio e edición de partituras: utilización guiada na audición, coñecemento, interpretación, gravación, reprodución, improvisación e creación de obras diversas. // Fases do proceso creativo: planificación, interpretación, experimentación e avaliación.

Bloque 3. Educación en artes escénicas e performativas: percepción e análise.

Estratexias de recepción activa. // Manifestacións vinculadas á expresión corporal e ás artes escénicas e performativas de diferentes correntes estéticas, procedencias e épocas producidas por creadoras e creadores locais, rexionais, nacionais e internacionais. // Recursos dixitais de uso común para as artes escénicas e performativas.

Bloque 4. Educación en artes escénicas e performativas: creación e interpretación.

O corpo e as súas posibilidades motrices, dramáticas e creativas: interese na experimentación e exploración a través de execucións individuais e grupais vinculadas co movemento, coa danza, coa dramatización e coa representación teatral como medio de expresión e diversión. // Fases do proceso creativo: planificación, interpretación, experimentación e avaliación. // Avaliación, interese e valoración, tanto do proceso coma do produto final, en producións escénicas e performativas. // Normas elementais de comportamento e actitude positiva na creación e interpretación de propostas vinculadas coa expresión corporal e dramática.

METODOLOXÍA

A metodoloxía a empregar nesta unidade fomenta a adquisición de coñecemento mediante o descubrimento guiado. O modelo de aprendizaxe plantexa unha visión constructivista da intervención pedagóxica para acadar un aprendizaxe significativo no alumnado.

O método didáctico responde a unha metodoloxía específica por ámbitos, de maneira que se seleccionan contribucións de autor diversas en función das necesidades educativas que plantexa cada actividade.

ORIENTACIÓNS METODOLÓXICAS

A figura docente está disposta neste proxecto como axente facilitador da aprendizaxe, de maneira que sexa o propio alumnado o protagonista do seu procedemento de ensino-aprendizaxe dende unha visión activa. O docente exercerá de mediador, con especial relevancia nos puntos de inicio (explicación das tarefas) e nas situacións de debate ou actividades grupais, tentando sempre limitar as súas intervencións na medida do posíbel.

O tempo de realización das propostas didácticas establecido, así como a distribución do espazo e a formación de grupos de traballo é orientativa, sendo susceptible de ser modificada a criterio docente en función das necesidades da súa realidade educativa. Os métodos didácticos anteriormente citados poden ser tamén adaptados na práctica se así se considera, na procura de adecuar as actividades ao noso contexto próximo (dotación instrumental de aula, recursos materiais, distribución dos espazos...)

COMPETENCIAS CLAVE

Competencia en comunicación lingüística (CCL): estará presente en tódolos intercambios orais que se desenvolvan na aula nos seus diferentes rexistros (espazos para o debate, exposicións) no coñecemento e uso dunha linguaxe técnica precisa adecuada a esta disciplina artística e no uso de linguaxe musical en relación a creación de letras ou a improvisación rítmica.

Competencia persoal, social e de aprender a aprender (CPSAA): mediante a inmersión do alumnado nun método de aprendizaxe activo, que implica a interiorización de conceptos tratados na aula desde unha perspectiva máis ampla, que permite a súa implementación en diferentes contextos. De igual xeito derivada dun comportamento axeitado nas distintas situacións de ensino-aprendizaxe durante o desempeño das tarefas. Unha actitude prosocial e participación activa, así como o coñecemento das regras de convivencia, o respecto aos seus iguais, a tolerancia ás diferentes opinións e a distribución do traballo.

Competencia plurilingüe (CP): Amósase na audición activa de obras musicais en lingua estranxeira, xunto coa aproximación a vocabulario específico propio do ámbito da produción musical que tamén emprega terminoloxía en inglés.

Competencia cidadá (CC): presente no tratamento de información relacionada coas profesións que integran o panorama musical actual, a labor que desempeñan e o seu recoñecemento. Tamén o coñecemento de diferentes culturas e tradicións, épocas e xéneros musicais contribúen na adquisición desta competencia.

Competencia dixital (CD): adquirida no emprego de aplicacións e plataformas específicas na rede para o desenvolvemento das actividades.

Competencia emprendedora (CE): en liña co eixe do proxecto, a posibilidade por parte do alumnado de adquirir o desempeño competencial suficiente para completar o proceso de produción musical de maneira autónoma, representa un recurso moi

relevante para xestionar as súas inqedanzas e iniciativas nun futuro próximo. O coñecemento da industria musical e as profesións relacionadas, supón unha posibilidade de emprendemento tanto a nivel individual como colectivo, xa sexa como integrante dunha agrupación musical ou ben dende a perspectiva lúdica da produción sonora.

Competencia en conciencia e expresión culturais (CCEC): mediante a selección dun repertorio amplo e variado, podemos facer un enfoque sociocultural a través dos diferentes períodos que conforman a historia da música e tratar as distintas manifestacións artísticas en función da súa situación xeográfica, xéneros e artistas máis representativos.

AVALIACIÓN

O procedemento de avaliación desta unidade didáctica está baseado na aprendizaxe por descubrimento guiado, de maneira que é o discente o que realiza a súa autoavaliación interactiva e recibe en tempo real a retroacción correspondente a través da propia plataforma. Neste senso, empregaranse instrumentos de avaliación de índole variada para enriquecer e potenciar a capacidade de resolución de problemas e o pensamento lóxico. Os instrumentos a empregar detállanse a continuación:

- Actividades de selección múltiple (varias das opcións propostas como resposta poden ser correctas)
- Actividade de encher os espazos (completar os ocos nunha oración coa palabra axeitada)
- Lista desordenada (enumerar os elementos nunha listaxe)
- Actividade de resposta única (soamente unha opción é correcta a escoller entre varias)
- Xogos de adiviñar elementos relacionados co temario mediante a audición activa e o recoñecemento de imaxes.

Así mesmo, algunhas das propostas didácticas que se presentan como tarefas, debido ao carácter práctico desta disciplina artística, son deseñadas para executarse na aula e polo tanto cómpre aplicar un sistema de avaliación que reforce a observación directa por parte docente.



*Role
Playing*

UD3

INTRODUCCIÓN

Nesta secuencia didáctica en concreto, realizaremos un percorrido polas diferentes familias de instrumentos, os tipos de agrupacións máis relevantes e as texturas musicais a prol de que o alumnado poida determinar cales son as que empregará para a súa propia composición. Polo camiño faremos un repaso das agrupacións e instrumentos populares galegos, e afondaremos tamén na figura do produtor musical e as súas funcións.

Na súa estruturación interna, esta unidade conta cunha sección inicial que actúa a modo de introdución e/ou contextualización dos contidos coñecida como "INTRO", e presenta tamén diversas seccións de ampliación baixo a epígrafe de "DATO CURIOSO".

OBXECTIVOS

A través deste ODE, o alumnado traballará os seguintes **obxectivos de área**:

OBX1. Descubrir propostas artísticas musicais e dancísticas de diferentes xéneros, estilos, épocas e culturas, a través da recepción activa, para desenvolver a curiosidade, a sensibilidade, o pensamento crítico e o respecto pola diversidade.

OBX2. Recoñecer os elementos básicos específicos da linguaxe musical, a través da percepción e da análise de diferentes fragmentos e obras, para chegar á comprensión das diferentes manifestacións culturais e artísticas

OBX3. Investigar sobre diferentes manifestacións culturais e artísticas musicais e dancísticas e os seus contextos, empregando diversas canles, medios e técnicas, para gozar delas, entender o seu valor, así como desenvolver o pensamento e unha sensibilidade artística propia.

OBX4. Expresar e comunicar de maneira creativa ideas, sentimentos e emocións, experimentando coas posibilidades do son, do corpo e dos medios dixitais, para producir obras propias.

OBX5. Participar do deseño, elaboración e difusión de producións culturais e artísticas musicais e dancísticas, tanto individuais coma colaborativas, poñendo en valor o proceso e asumindo diferentes roles na consecución dun resultado final, para desenvolver a creatividade, a noción de autoría e o sentido de pertenza.

No referente a **obxectivos didácticos** podemos detallar os seguintes:

- Coñecer as funcións da persoa encargada da produción musical durante o procedemento compositivo dunha obra.
- Identificar as diferentes familias de instrumentos e as súas características.
- Realizar un percorrido histórico pola evolución organolóxica dalgúns instrumentos.
- Discriminar os tipos de agrupacións vocais e instrumentais.
- Afondar nos tipos de voces e a súa clasificación.
- Recoñecer as diferentes formacións instrumentais en función do número de integrantes e as súas peculiaridades.
- Reforzar o coñecemento de agrupacións propias da música popular galega, xunto coa súa instrumentación.
- Coñecer os tipos de texturas musicais (homofónica e polifónica), con vistas a identificar a función de cada individuo dentro do conxunto; melodía acompañada.

CONTIDOS

En relación ó establecido no currículo de referencia os **contidos** traballados son os seguintes:

Bloque 1. Educación musical: percepción e análise.

Estratexias de recepción activa. // Profesións vinculadas á creación e interpretación musical. Coñecemento e valoración. // A voz e os instrumentos musicais. Familias e agrupacións máis representativas. Clasificación e comprensión da natureza da produción sonora en cada tipo. Identificación visual e auditiva. Instrumentos tradicionais na música galega. Instrumentos dixitais. Aproximación a instrumentos non convencionais e exóticos. Instrumentos caseiros. // Propostas musicais de diferentes correntes estéticas, procedencias e épocas producidas por creadoras e creadores locais, rexionais, nacionais e internacionais. // Aproximación aos principais xéneros musicais. // Vocabulario específico de música.

Bloque 2. Educación musical: creación e interpretación.

Aplicacións informáticas de gravación, edición de audio e edición de partituras: utilización guiada na audición, coñecemento, interpretación, gravación, reprodución, improvisación e creación de obras diversas. // Fases do proceso creativo: planificación, interpretación, experimentación e avaliación. // Avaliación, interese e valoración, tanto do proceso coma do produto final, en producións musicais. // Normas elementais de comportamento e actitude positiva na creación e interpretación de propostas musicais. O silencio como elemento e condición indispensable durante a creación e a práctica musical.

Bloque 3. Educación en artes escénicas e performativas: percepción e análise.

Estratexias de recepción activa. // Manifestacións vinculadas á expresión corporal e ás artes escénicas e performativas de diferentes correntes estéticas, procedencias e épocas producidas por creadoras e creadores locais, rexionais, nacionais e internacionais. // Profesións vinculadas ás artes escénicas e performativas. Coñecemento e valoración.

Bloque 4. Educación en artes escénicas e performativas: creación e interpretación.

Fases do proceso creativo: planificación, interpretación, experimentación e avaliación. // Avaliación, interese e valoración, tanto do proceso coma do produto final, en producións escénicas e performativas. // Normas elementais de comportamento e actitude positiva na creación e interpretación de propostas vinculadas coa expresión corporal e dramática.

METODOLOXÍA

A metodoloxía a empregar nesta unidade fomenta a adquisición de coñecemento mediante o descubrimento guiado. O modelo de aprendizaxe plantexa unha visión constructivista da intervención pedagóxica para acadar un aprendizaxe significativo no alumnado.

O método didáctico responde a unha metodoloxía específica por ámbitos, de maneira que se seleccionan contribucións de autor diversas en función das necesidades educativas que plantexa cada actividade.

ORIENTACIÓNS METODOLÓXICAS

A figura docente está disposta neste proxecto como axente facilitador da aprendizaxe, de maneira que sexa o propio alumnado o protagonista do seu procedemento de ensino-aprendizaxe dende unha visión activa. O docente exercerá de mediador, con especial relevancia nos puntos de inicio (explicación das tarefas) e nas situacións de debate ou actividades grupais, tentando sempre limitar as súas intervencións na medida do posíbel.

O tempo de realización das propostas didácticas establecido, así como a distribución do espazo e a formación de grupos de traballo é orientativa, sendo susceptible de ser modificada a criterio docente en función das necesidades da súa realidade educativa. Os métodos didácticos anteriormente citados poden ser tamén adaptados na práctica se así se considera, na procura de adecuar as actividades ao noso contexto próximo (dotación instrumental de aula, recursos materiais, distribución des espazos...)

COMPETENCIAS CLAVE

Competencia en comunicación lingüística (CCL): estará presente en tódolos intercambios orais que se desenvolvan na aula nos seus diferentes rexistros (espazos para o debate, exposicións) no coñecemento e uso dunha linguaxe técnica precisa adecuada a esta disciplina artística e no uso de linguaxe musical en relación a creación de letras ou a improvisación rítmica.

Competencia persoal, social e de aprender a aprender (CPSAA): mediante a inmersión do alumnado nun método de aprendizaxe activo, que implica a interiorización de conceptos tratados na aula desde unha perspectiva máis ampla, que permite a súa implementación en diferentes contextos. De igual xeito derivada dun comportamento axeitado nas distintas situacións de ensino-aprendizaxe durante o desempeño das tarefas. Unha actitude prosocial e participación activa, así como o coñecemento das regras de convivencia, o respecto aos seus iguais, a tolerancia ás diferentes opinións e a distribución do traballo.

Competencia plurilingüe (CP): Amósase na audición activa de obras musicais en lingua estranxeira, xunto coa aproximación a vocabulario específico propio do ámbito da produción musical que tamén emprega terminoloxía en inglés.

Competencia cidadá (CC): presente no tratamento de información relacionada coas profesións que integran o panorama musical actual, a labor que desempeñan e o seu

recoñecemento. Tamén o coñecemento de diferentes culturas e tradicións, épocas e xéneros musicais contribúen na adquisición desta competencia.

Competencia dixital (CD): adquirida no emprego de aplicacións e plataformas específicas na rede para o desenvolvemento das actividades.

Competencia emprendedora (CE): en liña co eixe do proxecto, a posibilidade por parte do alumnado de adquirir o desempeño competencial suficiente para completar o proceso de produción musical de maneira autónoma, representa un recurso moi relevante para xestionar as súas inqedanzas e iniciativas nun futuro próximo. O coñecemento da industria musical e as profesións relacionadas, supón unha posibilidade de emprendemento tanto a nivel individual como colectivo, xa sexa como integrante dunha agrupación musical ou ben dende a perspectiva lúdica da produción sonora.

Competencia en conciencia e expresión culturais (CCEC): mediante a selección dun repertorio amplo e variado, podemos facer un enfoque sociocultural a través dos diferentes períodos que conforman a historia da música e tratar as distintas manifestacións artísticas en función da súa situación xeográfica, xéneros e artistas máis representativos.

AVALIACIÓN

O procedemento de avaliación desta unidade didáctica está baseado na aprendizaxe por descubrimento guiado, de maneira que é o discente o que realiza a súa autoavaliación interactiva e recibe en tempo real a retroacción correspondente a través da propia plataforma. Neste senso, empregaranse instrumentos de avaliación de índole variada para enriquecer e potenciar a capacidade de resolución de problemas e o pensamento lóxico.

Os instrumentos a empregar detállanse a continuación:

- Actividades de selección múltiple (varias das opcións propostas como resposta poden ser correctas)
- Actividade de encher os espazos (completar os ocos nunha oración coa palabra axeitada)
- Lista desordenada (enumerar os elementos nunha listaxe)
- Actividade de resposta única (soamente unha opción é correcta a escoller entre varias)

- Xogos de adiviñar elementos relacionados co temario mediante a audición activa e o recoñecemento de imaxes
- Sopa de letras
- Actividades de verdadeiro ou falso

A 3D-rendered stage scene. In the center, a red carpet leads up a set of white, tiered steps. The steps are flanked by two gold stanchions with red ropes. Above the stage, several spotlights shine down, creating a warm, golden glow. The background is a gradient of red and orange.

ESCALEIRA MUSICAL

UD4

INTRODUCCIÓN

Nesta secuencia didáctica en concreto deseñaremos a liña melódica da nosa composición e introduciremos ó alumnado no concepto de polifonía para a posterior formación de acordes e elaboración dun acompañamento melódico sinxelo.

Na súa estruturación interna esta unidade conta cunha sección inicial que actúa a modo de introdución e/ou contextualización dos contidos da unidade coñecida como "INTRO", e presenta tamén unha sección final de ampliación denominada "¿SABÍAS QUE?".

OBXECTIVOS

A través desta unidade, o alumnado traballará os seguintes **obxectivos de área**:

OBX2. Recoñecer os elementos básicos específicos da linguaxe musical, a través da percepción e da análise de diferentes fragmentos e obras, para chegar á comprensión das diferentes manifestacións culturais e artísticas.

OBX4. Expresar e comunicar de maneira creativa ideas, sentimentos e emocións, experimentando coas posibilidades do son, do corpo e dos medios dixitais, para producir obras propias.

OBX5. Participar do deseño, elaboración e difusión de producións culturais e artísticas musicais e dancísticas, tanto individuais coma colaborativas, poñendo en valor o proceso e asumindo diferentes roles na consecución dun resultado final, para desenvolver a creatividade, a noción de autoría e o sentido de pertenza.

No referente a **obxectivos didácticos** podemos detallar os seguintes:

- Identificar a altura como unha das cualidades do son e a súa unidade de medida en hertz (Hz).
- Introducción ao concepto de afinación musical.
- Comprender a relación existente entre a altura do son e a súa discriminación en agudo ou grave.
- Establecer unha relación directa entre a altura do son e a composición e ordenación das notas da escala musical.
- Coñecer o método dos "sonocolores" (S. Aschero) como unha aproximación á lectura musical non convencional.

- Realizar unha aproximación á polifonía para comprender despois a formación de acordes e poder elaborar un acompañamento musical sinxelo en base a unha liña melódica.
- Establecer unha tipoloxía de voces na práctica vocal coñecendo as diferentes tesituras.
- Empregar as TIC como ferramenta educativa a través de plataformas en aberto relacionadas coa proposta didáctica.

CONTIDOS

En relación ó establecido no currículo de referencia os **contidos** traballados son os seguintes:

Bloque 1. Educación musical: percepción e análise.

Estratexias de recepción activa. // Profesións vinculadas á creación e interpretación musical. Coñecemento e valoración. // O son e as súas calidades: identificación visual e auditiva, clasificación e representación de diversidade de sons e estruturas rítmicas e melódicas a través de grafías convencionais e non convencionais. // A voz e os instrumentos musicais. Familias e agrupacións máis representativas. Clasificación e comprensión da natureza da produción sonora en cada tipo. Identificación visual e auditiva. // O pulso, o acento e o compás: identificación e diferenciación entre compás binario, ternario e cuaternario. Introducción ao concepto de subdivisión. // A melodía e a forma musical. Repetición e variación melódica.

Bloque 2. Educación musical: creación e interpretación.

Práctica instrumental, vocal e corporal: experimentación, exploración creativa, interpretación, improvisación e composición con pautas guiadas a partir das súas posibilidades sonoras e expresivas. Respiración consciente e hixiene e corrección postural. // Linguaxes musicais: aplicación dos seus conceptos fundamentais na interpretación e na improvisación guiada de propostas musicais vocais e instrumentais. O silencio como elemento fundamental da música: utilización adecuada na interpretación musical. // Fases do proceso creativo: planificación, interpretación, experimentación e avaliación. //

Avaliación, interese e valoración, tanto do proceso coma do produto final, en producións musicais.

Bloque 3. Educación en artes escénicas e performativas: percepción e análise.

Estratexias de recepción activa. // Profesións vinculadas ás artes escénicas e performativas. Coñecemento e valoración. // Recursos dixitais de uso común para as artes escénicas e performativas.

Bloque 4. Educación en artes escénicas e performativas: creación e interpretación.

O corpo e as súas posibilidades motrices, dramáticas e creativas: interese na experimentación e exploración a través de execucións individuais e grupais vinculadas co movemento, coa danza, coa dramatización e coa representación teatral como medio de expresión e diversión. // Fases do proceso creativo: planificación, interpretación, experimentación e avaliación. // Avaliación, interese e valoración, tanto do proceso coma do produto final, en producións escénicas e performativas.

METODOLOXÍA

A metodoloxía a empregar nesta unidade fomenta a adquisición de coñecemento mediante o descubrimento guiado. O modelo de aprendizaxe plantexa unha visión constructivista da intervención pedagóxica para acadar un aprendizaxe significativo no alumnado.

O método didáctico responde a unha metodoloxía específica por ámbitos, de maneira que se seleccionan contribucións de autor diversas en función das necesidades educativas que plantexa cada actividade. A continuación se detallan os métodos pedagóxicos empregados especificando o autor e as actividades que os integran:

- Diagrama pancromático (E. Willems)- "O son e as ondas"
- Discriminación auditiva (M. Martenot)- "Sabías que?"
- Sonocolores (S. Aschero)- "SonOcolores"

ORIENTACIÓNS METODOLÓXICAS

A figura docente está disposta neste proxecto como axente facilitador da aprendizaxe, de maneira que sexa o propio alumnado o protagonista do seu procedemento de

ensino-aprendizaxe dende unha visión activa. O docente exercerá de mediador, con especial relevancia nos puntos de inicio (explicación das tarefas) e nas situacións de debate ou actividades grupais, tentando sempre limitar as súas intervencións na medida do posíbel.

O tempo de realización das propostas didácticas establecido, así como a distribución do espazo e a formación de grupos de traballo é orientativa, sendo susceptible de ser modificada a criterio docente en función das necesidades da súa realidade educativa. Os métodos didácticos anteriormente citados poden ser tamén adaptados na práctica se así se considera, na procura de adecuar as actividades ao noso contexto próximo (dotación instrumental de aula, recursos materiais, distribución des espazos...)

COMPETENCIAS CLAVE

Competencia en comunicación lingüística (CCL): estará presente en tódolos intercambios orais que se desenvolvan na aula nos seus diferentes rexistros (espazos para o debate, exposicións) no coñecemento e uso dunha linguaxe técnica precisa adecuada a esta disciplina artística e no uso de linguaxe musical.

Competencia persoal, social e de aprender a aprender (CPSAA): mediante a inmersión do alumnado nun método de aprendizaxe activo, que implica a interiorización de conceptos tratados na aula desde unha perspectiva máis ampla, que permite a súa implementación en diferentes contextos.

Competencia en conciencia e expresión culturais (CCEC): derivada dun comportamento axeitado nas distintas situacións de ensino-aprendizaxe durante o desempeño das tarefas.

Competencia dixital (CD): adquirida no emprego de aplicacións e plataformas específicas na rede para o desenvolvemento das actividades.

AVALIACIÓN

O procedemento de avaliación desta unidade didáctica está baseado na aprendizaxe por descubrimento guiado, de maneira que é o discente o que realiza a súa autoavaliación interactiva e recibe en tempo real a retroacción correspondente a través da propia plataforma. Neste senso, empregaranse instrumentos de avaliación de índole variada

para enriquecer e potenciar a capacidade de resolución de problemas e o pensamento lóxico.

Os instrumentos a empregar detállanse a continuación:

- Actividades de selección múltiple (varias das opcións propostas como resposta poden ser correctas)
- Actividade de encher os espazos (completar os ocos nunha oración coa palabra axeitada)
- Lista desordenada (enumerar os elementos nunha listaxe)
- Actividade de resposta única (soamente unha opción é correcta a escoller entre varias)
- Preguntas de verdadeiro ou falso

Así mesmo, algunhas das propostas didácticas que se presentan como tarefas, debido ao carácter práctico desta disciplina artística, son deseñadas para executarse na aula e polo tanto cómpre aplicar un sistema de avaliación que reforce a observación directa por parte docente. Preséntanse tamén actividades complementarias de ampliación e reforzo, e contidos relacionados coa unidade nun formato despregable baixo o título "SABÍAS QUE?"

Malabaristas Da
Lírica



INTRODUCCIÓN

Nesta secuencia didáctica en concreto crearemos unha letra adaptada á melodía elaborada na unidade anterior, prestando especial atención a coincidencia de acentos musicais e prosódicos, incidindo para logralo nos tipos de compases simples e a distribución dos seus pulsos, repasaremos as principais figuras que compoñen a linguaxe musical e os seus valores, faremos unha aproximación á lectura non convencional empregando as sílabas rítmicas (Z. Kodaly), e coñeceremos un xénero musical popular galego baseado na improvisación dialéctica como é a regueifa.

Na súa estruturación interna esta unidade conta cunha sección inicial que actúa a modo de introdución e/ou contextualización dos contidos da unidade coñecida como "INTRO", e presenta tamén unha sección final de ampliación denominada "¿SABÍAS QUE?".

OBXECTIVOS

A través desta unidade, o alumnado traballará os seguintes **obxectivos de área**:

OBX1. Descubrir propostas artísticas musicais e dancísticas de diferentes xéneros, estilos, épocas e culturas, a través da recepción activa, para desenvolver a curiosidade, a sensibilidade, o pensamento crítico e o respecto pola diversidade.

OBX2. Recoñecer os elementos básicos específicos da linguaxe musical, a través da percepción e da análise de diferentes fragmentos e obras, para chegar á comprensión das diferentes manifestacións culturais e artísticas.

OBX3. Investigar sobre diferentes manifestacións culturais e artísticas musicais e dancísticas e os seus contextos, empregando diversas canles, medios e técnicas, para gozar delas, entender o seu valor, así como desenvolver o pensamento e unha sensibilidade artística propia.

OBX4. Expresar e comunicar de maneira creativa ideas, sentimentos e emocións, experimentando coas posibilidades do son, do corpo e dos medios dixitais, para producir obras propias.

OBX5. Participar do deseño, elaboración e difusión de producións culturais e artísticas musicais e dancísticas, tanto individuais coma colaborativas, poñendo en valor o proceso e asumindo diferentes roles na consecución dun resultado final, para desenvolver a creatividade, a noción de autoría e o sentido de pertenza.

No referente a **obxectivos didácticos** podemos detallar os seguintes:

- Coñecer e por en valor a figura do/a cantautor/a, a súa importancia dentro da industria musical e as súas funcións.
- Realizar un repaso polas principais figuras que compoñen a linguaxe musical convencional, a súa duración e os correspondentes silencios.
- Tomar conciencia da importancia do silencio como ferramenta musical e oratoria.
- Comprender a distribución de pulsos e acentos nos compases de subdivisión binaria 2/4, 3/4 e 4/4.
- Crear e manexar estruturas rítmicas adaptadas aos diferentes compases e coñecer a matemática musical relacionada cos valores das figuras.
- Lembrar a linguaxe non convencional baseada na prosodia rítmica (Z. Kodaly) e empregala para a audición activa, improvisación e movemento corporal asociado.
- Coñecer a regueifa como xénero popular galego.

CONTIDOS

En relación ó establecido no currículo de referencia os **contidos** traballados son os seguintes:

Bloque 1. Educación musical: percepción e análise.

Estratexias de recepción activa. // Profesións vinculadas á creación e interpretación musical. Coñecemento e valoración. // O pulso, o acento e o compás: identificación e diferenciación entre compás binario, ternario e cuaternario. Introducción ao concepto de subdivisión. // Vocabulario específico de música. // Recursos dixitais de uso común para música. // Normas elementais de comportamento e actitude positiva na recepción de propostas musicais. O silencio como elemento e condición indispensable para manter a atención durante a audición.

Bloque 2. Educación musical: creación e interpretación.

Práctica instrumental, vocal e corporal: experimentación, exploración creativa, interpretación, improvisación e composición con pautas guiadas a partir das súas posibilidades sonoras e expresivas. Respiración consciente e hixiene e corrección

postural. // Linguaxes musicais: aplicación dos seus conceptos fundamentais na interpretación e na improvisación guiada de propostas musicais vocais e instrumentais. O silencio como elemento fundamental da música: utilización adecuada na interpretación musical. // Aplicacións informáticas de gravación, edición de audio e edición de partituras: utilización guiada na audición, coñecemento, interpretación, gravación, reprodución, improvisación e creación de obras diversas. // Fases do proceso creativo: planificación, interpretación, experimentación e avaliación. // Avaliación, interese e valoración, tanto do proceso coma do produto final, en producións musicais.

Bloque 3. Educación en artes escénicas e performativas: percepción e análise.

Profesións vinculadas ás artes escénicas e performativas. Coñecemento e valoración. // Recursos dixitais de uso común para as artes escénicas e performativas. // Normas de comportamento e actitude positiva na recepción de propostas vinculadas coa expresión corporal e dramática en diferentes espazos culturais e artísticos. O silencio como elemento e condición indispensable para manter a atención durante a recepción.

Bloque 4. Educación en artes escénicas e performativas: creación e interpretación.

O corpo e as súas posibilidades motrices, dramáticas e creativas: interese na experimentación e exploración a través de execucións individuais e grupais vinculadas co movemento, coa danza, coa dramatización e coa representación teatral como medio de expresión e diversión. // Capacidades expresivas e creativas básicas da expresión corporal e dramática. Gozar como forma de interacción social, recurso expresivo e emotivo e deleite estético. // Fases do proceso creativo: planificación, interpretación, experimentación e avaliación. // Avaliación, interese e valoración, tanto do proceso coma do produto final, en producións escénicas e performativas.

METODOLOXÍA

A metodoloxía a empregar nesta unidade fomenta a adquisición de coñecemento mediante o descubrimento guiado. O modelo de aprendizaxe plantexa unha visión

constructivista da intervención pedagóxica para acadar un aprendizaxe significativo no alumnado.

O método didáctico responde a unha metodoloxía específica por ámbitos, de maneira que se seleccionan contribucións de autor diversas en función das necesidades educativas que plantexa cada actividade. A continuación se detallan os métodos pedagóxicos empregados especificando o autor e as actividades que os integran:

- Sílabas rítmicas (Z. Kodaly)- "Cada cousa polo seu nome" / "Silabando"
- Dictado de intensidades (M. Martenot) - "Cardiograma musical"
- Prosodia rítmica (C. Orff)- "Silabando" / "Hip-hop made in Galicia"

ORIENTACIÓNS METODOLÓXICAS

A figura docente está disposta neste proxecto como axente facilitador da aprendizaxe, de maneira que sexa o propio alumnado o protagonista do seu procedemento de ensino-aprendizaxe dende unha visión activa. O docente exercerá de mediador, con especial relevancia nos puntos de inicio (explicación das tarefas) e nas situacións de debate ou actividades grupais, tentando sempre limitar as súas intervencións na medida do posíbel.

O tempo de realización das propostas didácticas establecido, así como a distribución do espazo e a formación de grupos de traballo é orientativa, sendo susceptible de ser modificada a criterio docente en función das necesidades da súa realidade educativa.

Os métodos didácticos anteriormente citados poden ser tamén adaptados na práctica se así se considera, na procura de adecuar as actividades ao noso contexto próximo (dotación instrumental de aula, recursos materiais, distribución des espazos...)

COMPETENCIAS CLAVE

Competencia en comunicación lingüística (CCL): estará presente en tódolos intercambios orais que se desenvolvan na aula nos seus diferentes rexistros (espazos para o debate, exposicións) no coñecemento e uso dunha linguaxe técnica precisa adecuada a esta disciplina artística e no uso de linguaxe musical en relación a creación de letras ou a improvisación rítmica.

Competencia persoal, social e de aprender a aprender (CPSAA): mediante a inmersión do alumnado nun método de aprendizaxe activo, que implica a interiorización

de conceptos tratados na aula desde unha perspectiva máis ampla, que permite a súa implementación en diferentes contextos. De igual xeito derivada dun comportamento axeitado nas distintas situacións de ensino-aprendizaxe durante o desempeño das tarefas. Unha actitude prosocial e participación activa, así como o coñecemento das regras de convivencia, o respecto aos seus iguais, a tolerancia ás diferentes opinións e a distribución do traballo.

Competencia plurilingüe (CP): Amósase na audición activa de obras musicais en lingua estranxeira, xunto coa aproximación a vocabulario específico propio do ámbito da produción musical que tamén emprega terminoloxía en inglés.

Competencia cidadá (CC): presente no tratamento de información relacionada coas profesións que integran o panorama musical actual, a labor que desempeñan e o seu recoñecemento. Tamén o coñecemento de diferentes culturas e tradicións, épocas e xéneros musicais contribúen na adquisición desta competencia.

Competencia dixital (CD): adquirida no emprego de aplicacións e plataformas específicas na rede para o desenvolvemento das actividades.

Competencia emprendedora (CE): en liña co eixe do proxecto, a posibilidade por parte do alumnado de adquirir o desempeño competencial suficiente para completar o proceso de produción musical de maneira autónoma, representa un recurso moi relevante para xestionar as súas inxerencias e iniciativas nun futuro próximo. O coñecemento da industria musical e as profesións relacionadas, supón unha posibilidade de emprendemento tanto a nivel individual como colectivo, xa sexa como integrante dunha agrupación musical ou ben dende a perspectiva lúdica da produción sonora.


Competencia en conciencia e expresión culturais (CCEC): mediante a selección dun repertorio amplo e variado, podemos facer un enfoque sociocultural a través dos diferentes períodos que conforman a historia da música e tratar as distintas manifestacións artísticas en función da súa situación xeográfica, xéneros e artistas máis representativos.

AVALIACIÓN

O procedemento de avaliación desta unidade didáctica está baseado na aprendizaxe por descubrimento guiado, de maneira que é o discente o que realiza a súa autoavaliación

interactiva e recibe en tempo real a retroacción correspondente a través da propia plataforma. Neste senso, empregaranse instrumentos de avaliación de índole variada para enriquecer e potenciar a capacidade de resolución de problemas e o pensamento lóxico. Os instrumentos a empregar detállanse a continuación:

- Actividades de selección múltiple (varias das opcións propostas como resposta poden ser correctas)
- Actividade de encher os espazos (completar os ocos nunha oración coa palabra axeitada)
- Lista desordenada (enumerar os elementos nunha listaxe)
- Actividade de resposta única (soamente unha opción é correcta a escoller entre varias)
- Xogos de relacionar elementos do temario mediante a audición activa e o recoñecemento de imaxes



Maquinando

UD_6

INTRODUCCIÓN

Nesta secuencia didáctica en concreto realizaremos unha aproximación á figura do/a arranxista musical, persoa encargada de confeccionar as partituras en coordinación co resto do equipo creativo na produción dunha obra musical, de maneira que poidan ser rexistradas e atribuír así a súa autoría. Empregaremos as novas tecnoloxías (o software libre MuseScore cargado por defecto na maqueta ABALAR) para elaborar unha partitura sinxela da nosa propia canción, discriminando a dotación instrumental escollida e o rol que desempeña cada intérprete dentro do conxunto.

Na súa estruturación interna esta unidade conta cunha sección inicial que actúa a modo de introdución e/ou contextualización dos contidos da unidade coñecida como "INTRO", e presenta tamén unha sección final de ampliación denominada "¿SABÍAS QUE?".

OBXECTIVOS

A través desta unidade, o alumnado traballará os seguintes **obxectivos de área**:

OBX1. Descubrir propostas artísticas musicais e dancísticas de diferentes xéneros, estilos, épocas e culturas, a través da recepción activa, para desenvolver a curiosidade, a sensibilidade, o pensamento crítico e o respecto pola diversidade.

OBX2. Recoñecer os elementos básicos específicos da linguaxe musical, a través da percepción e da análise de diferentes fragmentos e obras, para chegar á comprensión das diferentes manifestacións culturais e artísticas.

OBX4. Expresar e comunicar de maneira creativa ideas, sentimentos e emocións, experimentando coas posibilidades do son, do corpo e dos medios dixitais, para producir obras propias.

OBX5. Participar do deseño, elaboración e difusión de producións culturais e artísticas musicais e dancísticas, tanto individuais coma colaborativas, poñendo en valor o proceso e asumindo diferentes roles na consecución dun resultado final, para desenvolver a creatividade, a noción de autoría e o sentido de pertenza.

No referente a **obxectivos didácticos** podemos detallar os seguintes:

- Coñecer a figura do arranxista musical para a elaboración das partituras no ámbito do proceso creativo dunha peza.
- Comprender a importancia das novas tecnoloxías (programas de edición de partituras) para facilitar este proceso.

- Recoñecer e interactuar coas diferentes funcións básicas que presenta o software Musescore, a prol de potenciar a autonomía do alumnado para rexistrar composicións musicais de autoría propia.
- Identificar a partes principais dunha partitura (clave de sol, compás, tempo, dinámica...) recoñecer o seu significado e adaptalas para a propia composición.
- Empregar a linguaxe musical convencional para elaborar unha melodía sinxela.
- Escoller unha dotación instrumental para interpretar a composición, recoñecendo a función de cada instrumento dentro do conxunto e adaptando a técnica compositiva as súas peculiaridades sonoras.

CONTIDOS

En relación ó establecido no currículo de referencia os **contidos** traballados son os seguintes:

Bloque 1. Educación musical: percepción e análise.

Profesións vinculadas á creación e interpretación musical. Coñecemento e valoración. // O son e as súas calidades: identificación visual e auditiva, clasificación e representación de diversidade de sons e estruturas rítmicas e melódicas a través de grafías convencionais e non convencionais. // A voz e os instrumentos musicais. Familias e agrupacións máis representativas. Clasificación e comprensión da natureza da produción sonora en cada tipo. Identificación visual e auditiva. Instrumentos dixitais. Aproximación a instrumentos non convencionais e exóticos. // O tempo, o carácter e a dinámica: identificación e descrición. // O pulso, o acento e o compás: identificación e diferenciación entre compás binario, ternario e cuaternario. Introducción ao concepto de subdivisión. // Vocabulario específico de música. // Recursos dixitais de uso común para música.

Bloque 2. Educación musical: creación e interpretación.

Linguaxes musicais: aplicación dos seus conceptos fundamentais na interpretación e na improvisación guiada de propostas musicais vocais e instrumentais. O silencio como elemento fundamental da música: utilización adecuada na interpretación musical. // Aplicacións informáticas de gravación, edición de audio e edición de partituras: utilización guiada na audición, coñecemento, interpretación, gravación, reprodución,

improvisación e creación de obras diversas. // Fases do proceso creativo: planificación, interpretación, experimentación e avaliación.

Bloque 3. Educación en artes escénicas e performativas: percepción e análise.

Estratexias de recepción activa. // Vocabulario específico das artes escénicas e performativas. // Recursos dixitais de uso común para as artes escénicas e performativas. // Normas de comportamento e actitude positiva na recepción de propostas vinculadas coa expresión corporal e dramática en diferentes espazos culturais e artísticos. O silencio como elemento e condición indispensable para manter a atención durante a recepción.

Bloque 4. Educación en artes escénicas e performativas: creación e interpretación.

Aproximación ao uso responsable de bancos de imaxes e sons: respecto ás licenzas de uso e distribución e contidos xerados por outros. Plaxio e dereitos de autor. // Fases do proceso creativo: planificación, interpretación, experimentación e avaliación. //

Avaliación, interese e valoración, tanto do proceso coma do produto final, en producións escénicas e performativas. // Normas elementais de comportamento e actitude positiva na creación e interpretación de propostas vinculadas coa expresión corporal e dramática.

METODOLOXÍA

A metodoloxía a empregar nesta unidade fomenta a adquisición de coñecemento mediante o descubrimento guiado. O modelo de aprendizaxe plantexa unha visión constructivista da intervención pedagóxica para acadar un aprendizaxe significativo no alumnado. O método didáctico responde a unha metodoloxía específica por ámbitos, de maneira que se seleccionan contribucións de autor diversas en función das necesidades educativas que plantexa cada actividade.

ORIENTACIÓNS METODOLÓXICAS

A figura docente está disposta neste proxecto como axente facilitador da aprendizaxe, de maneira que sexa o propio alumnado o protagonista do seu procedemento de ensino-aprendizaxe dende unha visión activa. O docente exercerá de mediador, con especial relevancia nos puntos de inicio (explicación das tarefas) e nas situacións de

debate ou actividades grupais, tentando sempre limitar as súas intervencións na medida do posíbel.

O tempo de realización das propostas didácticas establecido, así como a distribución do espazo e a formación de grupos de traballo é orientativa, sendo susceptible de ser modificada a criterio docente en función das necesidades da súa realidade educativa.

Os métodos didácticos anteriormente citados poden ser tamén adaptados na práctica se así se considera, na procura de adecuar as actividades ao noso contexto próximo (dotación instrumental de aula, recursos materiais, distribución des espazos...)

COMPETENCIAS CLAVE

Competencia en comunicación lingüística (CCL): estará presente en tódolos intercambios orais que se desenvolvan na aula nos seus diferentes rexistros (espazos para o debate, exposicións) no coñecemento e uso dunha linguaxe técnica precisa adecuada a esta disciplina artística e no uso de linguaxe musical en relación a creación de letras ou a improvisación rítmica.

Competencia persoal, social e de aprender a aprender (CPSAA): mediante a inmersión do alumnado nun método de aprendizaxe activo, que implica a interiorización de conceptos tratados na aula desde unha perspectiva máis ampla, que permite a súa implementación en diferentes contextos da súa vida cotiá. De igual xeito derivada dun comportamento axeitado nas distintas situacións de ensino-aprendizaxe durante o desempeño das tarefas. Unha actitude prosocial e participación activa, así como o coñecemento das regras de convivencia, o respecto aos seus iguais, a tolerancia ás diferentes opinións e a distribución do traballo.

Competencia plurilingüe (CP): Amósase na audición activa de obras musicais en lingua estranxeira, xunto coa aproximación a vocabulario específico propio do ámbito da produción musical que tamén emprega terminoloxía en inglés.

Competencia cidadá (CC): presente no tratamento de información relacionada coas profesións que integran o panorama musical actual, a labor que desempeñan e o seu recoñecemento. Tamén o coñecemento de diferentes culturas e tradicións, épocas e xéneros musicais contribúen na adquisición desta competencia.

Competencia dixital (CD): adquirida no emprego de aplicacións e plataformas específicas na rede para o desenvolvemento das actividades; neste caso o programa de

edición musical Musescore para confeccionar unha partitura sinxela da súa propia composición ao tempo que visualizan e interactúan co propio ODE.

Competencia emprendedora (CE): en liña co eixe do proxecto, a posibilidade por parte do alumnado de adquirir o desempeño competencial suficiente para completar o proceso de produción musical de maneira autónoma, representa un recurso moi relevante para xestionar as súas inxerencias e iniciativas nun futuro próximo. O coñecemento da industria musical e as profesións relacionadas, supón unha posibilidade de emprendemento tanto a nivel individual como colectivo, xa sexa como integrante dunha agrupación musical ou ben dende a perspectiva lúdica da produción sonora.

Competencia en conciencia e expresión culturais (CCEC): mediante a selección dun repertorio amplo e variado, podemos facer un enfoque sociocultural a través dos diferentes períodos que conforman a historia da música e tratar as distintas manifestacións artísticas en función da súa situación xeográfica, xéneros e artistas máis representativos.

AVALIACIÓN

O procedemento de avaliación desta unidade didáctica está baseado na aprendizaxe por descubrimento guiado, de maneira que é o discente o que realiza a súa autoavaliación interactiva e recibe en tempo real a retroacción correspondente a través da propia plataforma. Neste senso, empregaranse instrumentos de avaliación de índole variada para enriquecer e potenciar a capacidade de resolución de problemas e o pensamento lóxico.

Os instrumentos a empregar detállanse a continuación:

- Vídeos interactivos con cuestións progresivas
- Actividade de encher os espazos (completar os ocos nunha oración coa palabra axeitada)
- Lista desordenada (enumerar os elementos nunha listaxe)
- Actividade de resposta única (soamente unha opción é correcta a escoller entre varias)

MESTURANDO UD7



INTRODUCCIÓN

Nesta secuencia didáctica en concreto realizaremos unha aproximación á figura do técnico de son e o director musical, para coñecer o seu papel no proceso de gravación profesional dun álbum de estudo. Empregaremos as novas tecnoloxías (o software libre Audacity cargado por defecto na maqueta ABALAR) para que o alumnado poida realizar unha gravación sinxela da súa propia composición, ao tempo que afondamos (mediante a fononimia Kodaly) na linguaxe expresiva que emprega a persoa que dirixe unha agrupación musical en vivo.

Na súa estruturación interna esta unidade conta cunha sección inicial que actúa a modo de introdución e/ou contextualización dos contidos da unidade coñecida como "INTRO", e presenta tamén unha sección de final de proxecto denominada "THE END".

OBXECTIVOS

A través desta unidade, o alumnado traballará os seguintes **obxectivos de área**:

OBX1. Descubrir propostas artísticas musicais e dancísticas de diferentes xéneros, estilos, épocas e culturas, a través da recepción activa, para desenvolver a curiosidade, a sensibilidade, o pensamento crítico e o respecto pola diversidade.

OBX2. Recoñecer os elementos básicos específicos da linguaxe musical, a través da percepción e da análise de diferentes fragmentos e obras, para chegar á comprensión das diferentes manifestacións culturais e artísticas.

OBX4. Expresar e comunicar de maneira creativa ideas, sentimentos e emocións, experimentando coas posibilidades do son, do corpo e dos medios dixitais, para producir obras propias.

OBX5. Participar do deseño, elaboración e difusión de producións culturais e artísticas musicais e dancísticas, tanto individuais coma colaborativas, poñendo en valor o proceso e asumindo diferentes roles na consecución dun resultado final, para desenvolver a creatividade, a noción de autoría e o sentido de pertenza.

No referente a **obxectivos didácticos** podemos detallar os seguintes:

- Realizar práctica instrumental a través da lectura directa da linguaxe musical nas partituras elaboradas no ODE anterior.

- Introducir ó alumnado no manexo do programa Audacity para a gravación e edición de audio (mestura).
- Coñecer os aparellos necesarios para a gravación e as características básicas do seu funcionamento.
- Comprender a importancia da figura do técnico de son durante o procedemento de gravación musical e as súas funcións principais.
- Recoñecer a linguaxe xestual que emprega a persoa encargada de dirixir unha agrupación musical, interpretar os seus xestos e comprender a súas funcións.
- Interpretar a liña melódica da súa composición mediante a fononimia Kodaly (metodoloxía que relaciona as diferentes notas da escala musical cun xesto concreto).
- Realizar xogos dinámicos baseados na expresión corporal coma o "director de orquestra"

CONTIDOS

En relación ó establecido no currículo de referencia os **contidos** traballados son os seguintes:

Bloque 1. Educación musical: percepción e análise.

Estratexias de recepción activa. // Profesións vinculadas á creación e interpretación musical. Coñecemento e valoración. // O son e as súas calidades: identificación visual e auditiva, clasificación e representación de diversidade de sons e estruturas rítmicas e melódicas a través de grafías convencionais e non convencionais. // Vocabulario específico de música. // Recursos dixitais de uso común para música. // Normas elementais de comportamento e actitude positiva na recepción de propostas musicais. O silencio como elemento e condición indispensable para manter a atención durante a audición.

Bloque 2. Educación musical: creación e interpretación.

Práctica instrumental, vocal e corporal: experimentación, exploración creativa, interpretación, improvisación e composición con pautas guiadas a partir das súas posibilidades sonoras e expresivas. Respiración consciente e hixiene e corrección postural. // Linguaxes musicais: aplicación dos seus conceptos fundamentais na interpretación e na improvisación guía-

da de propostas musicais vocais e instrumentais. O silencio como elemento fundamental da música: utilización adecuada na interpretación musical. // Aplicacións informáticas de gravación, edición de audio e edición de partituras: utilización guiada na audición, coñecemento, interpretación, gravación, reprodución, improvisación e creación de obras diversas. // Fases do proceso creativo: planificación, interpretación, experimentación e avaliación. // Avaliación, interese e valoración, tanto do proceso coma do produto final, en producións musicais. // Normas elementais de comportamento e actitude positiva na creación e interpretación de propostas musicais. O silencio como elemento e condición indispensable durante a creación e a práctica musical.

Bloque 3. Educación en artes escénicas e performativas: percepción e análise.

Estratexias de recepción activa. // Vocabulario específico das artes escénicas e performativas. // Recursos dixitais de uso común para as artes escénicas e performativas. // Normas de comportamento e actitude positiva na recepción de propostas vinculadas coa expresión corporal e dramática en diferentes espazos culturais e artísticos. O silencio como elemento e condición indispensable para manter a atención durante a recepción.

Bloque 4. Educación en artes escénicas e performativas: creación e interpretación.

O corpo e as súas posibilidades motrices, dramáticas e creativas: interese na experimentación e exploración a través de execucións individuais e grupais vinculadas co movemento, coa danza, coa dramatización e coa representación teatral como medio de expresión e diversión. // Capacidades expresivas e creativas básicas da expresión corporal e dramática. Gozar como forma de interacción social, recurso expresivo e emotivo e deleite estético. // Fases do proceso creativo: planificación, interpretación, experimentación e avaliación. // Avaliación, interese e valoración, tanto do proceso coma do produto final, en producións escénicas e performativas. // Normas elementais de comportamento e actitude positiva na creación e interpretación de propostas vinculadas coa expresión corporal e dramática.

METODOLOXÍA

A metodoloxía a empregar nesta unidade fomenta a adquisición de coñecemento mediante o descubrimento guiado. O modelo de aprendizaxe plantexa unha visión constructivista da intervención pedagóxica para acadar un aprendizaxe significativo no alumnado. O método didáctico responde a unha metodoloxía específica por ámbitos, de maneira que se seleccionan contribucións de autor diversas en función das necesidades educativas que plantexa cada actividade.

ORIENTACIÓNS METODOLÓXICAS

A figura docente está disposta neste proxecto como axente facilitador da aprendizaxe, de maneira que sexa o propio alumnado o protagonista do seu procedemento de ensino-aprendizaxe dende unha visión activa. O docente exercerá de mediador, con especial relevancia nos puntos de inicio (explicación das tarefas) e nas situacións de debate ou actividades grupais, tentando sempre limitar as súas intervencións na medida do posíbel.

O tempo de realización das propostas didácticas establecido, así como a distribución do espazo e a formación de grupos de traballo é orientativa, sendo susceptible de ser modificada a criterio docente en función das necesidades da súa realidade educativa. Os métodos didácticos anteriormente citados poden ser tamén adaptados na práctica se así se considera, na procura de adecuar as actividades ao noso contexto próximo (dotación instrumental de aula, recursos materiais, distribución des espazos...)

COMPETENCIAS CLAVE

Competencia en comunicación lingüística (CCL): estará presente en tódolos intercambios orais que se desenvolvan na aula nos seus diferentes rexistros (espazos para o debate, exposicións) no coñecemento e uso dunha linguaxe técnica precisa adecuada a esta disciplina artística e no uso de linguaxe musical en relación a creación de letras ou a improvisación rítmica.

Competencia persoal, social e de aprender a aprender (CPSAA): mediante a inmersión do alumnado nun método de aprendizaxe activo, que implica a interiorización de conceptos tratados na aula desde unha perspectiva máis ampla, que permite a súa implementación en diferentes contextos da súa vida cotiá. De igual xeito derivada dun comportamento axeitado nas distintas situacións de ensino-aprendizaxe durante o

desempeño das tarefas. Unha actitude prosocial e participación activa, así como o coñecemento das regras de convivencia, o respecto aos seus iguais, a tolerancia ás diferentes opinións e a distribución do traballo.

Competencia plurilingüe (CP): Amósase na audición activa de obras musicais en lingua estranxeira, xunto coa aproximación a vocabulario específico propio do ámbito da produción musical que tamén emprega terminoloxía en inglés.

Competencia cidadá (CC): presente no tratamento de información relacionada coas profesións que integran o panorama musical actual, a labor que desempeñan e o seu recoñecemento. Tamén o coñecemento de diferentes culturas e tradicións, épocas e xéneros musicais contribúen na adquisición desta competencia.

Competencia dixital (CD): adquirida no emprego de aplicacións e plataformas específicas na rede para o desenvolvemento das actividades; neste caso o programa de gravación e edición musical Audacity para crear un arquivo de audio a partir da súa propia composición.

Competencia emprendedora (CE): en liña co eixe do proxecto, a posibilidade por parte do alumnado de adquirir o desempeño competencial suficiente para completar o proceso de produción musical de maneira autónoma, representa un recurso moi relevante para xestionar as súas inqedanzas e iniciativas nun futuro próximo. O coñecemento da industria musical e as profesións relacionadas, supón unha posibilidade de emprendemento tanto a nivel individual como colectivo, xa sexa como integrante dunha agrupación musical ou ben dende a perspectiva lúdica da produción sonora.

Competencia en conciencia e expresión culturais (CCEC): mediante a selección dun repertorio amplo e variado, podemos facer un enfoque sociocultural a través dos diferentes períodos que conforman a historia da música e tratar as distintas manifestacións artísticas en función da súa situación xeográfica, xéneros e artistas máis representativos.

AVALIACIÓN

O procedemento de avaliación desta unidade didáctica está baseado na aprendizaxe por descubrimento guiado, de maneira que é o discente o que realiza a súa autoavaliación interactiva e recibe en tempo real a retroacción correspondente a través da propia plataforma. Neste senso, empregaranse instrumentos de avaliación de índole variada

para enriquecer e potenciar a capacidade de resolución de problemas e o pensamento lóxico. Os instrumentos a empregar detállanse a continuación:

- Vídeos interactivos con cuestións progresivas
- Actividade de encher os espazos (completar os ocos nunha oración coa palabra axeitada)
- Lista desordenada (enumerar os elementos nunha listaxe)
- Actividade de resposta única (soamente unha opción é correcta a escoller entre varias)
- Actividade de resposta múltiple (varias opcións son correctas a escoller entre varias)